| Xoves 8 febreiro 12:30                           | Charla "Mulleres na Ciencia"   | 3º ESO A<br>3º ESO B<br>3º ESO C   | Xulia Romero MAT<br>Isabel Sánchez MAT<br>Miguel Meniño MAT<br>Loli Pérez BIO  | Paraninfo                                    |
| Venres 9 febreiro 8:30                           | Obradoiro Batukada e Eko-percusión (Os de 1º ESO e 2º ESO Baixarán ás 11:40 como público)  | 3º ESO C 8:30-9:20<br>3º ESO B 9:20-10:10<br>3º ESO A 10:30-11:20  | Loli Pérez BIO<br>Xosé Morell LG<br>Miguel Meniño MAT  | Paraninfo                                    |
| Venres 9 febreiro dende as 12:10                 | Entroido<br>Concurso de Respostería<br>Concursos de Disfraces<br>Baile   | Todo o centro  | Todo o profesorado no centro   | Corredores e patio (depende da meteoroloxía) |
| 15 de febreiro – 23 marzo<br>Horario de Titorías | "Prevención Drogodependencias".<br>Concello de Vigo.   | 1º ESO<br>2º ESO   | Titores/as   | Aula   |
| Luns 19 febreiro 9:00-12:30                      | Visita á Cidade da Xustiza   | Alumnado de Oratoria   | Susana Ferreiro LG<br>Abilio Rodríguez ECO   | Cidade da Xustiza                            |
| Luns 19 febreiro 11:20-12:10                     | Charla sobre o Voluntariado. Concello de Vigo  | 2º BAC B<br>2º BAC C<br>2º BAC D<br>4º ESO B   | Juan José Besada FIL<br>Rubén López XeH<br>Tamara Cabezas LG<br>Araceli González LG  | Paraninfo                                    |
| Luns 19 de febreiro 9:20-14:20                   | Obradoiro interactivo en francés de Crêpes da Bretaña.<br>O alumnado irá baixando en grupos de 20 alumnos/as.                      | 2º ESO fra (20) 9:20<br>2º ESO fra (20) 10:30<br>1º BAC fra (13) 11:20<br>2º ESO fra (20) 12:30<br>2º ESO fra (20) 13:20 | Sara Fernández FRA<br>Ana Lourido FRA  | Xardíns do IES Santa Irene                   |
| Luns 19 febreiro 16:10-17:50                     | Charla Nutrición   | 1º BAC   | Inma Peniza XeH<br>Araceli González LG<br>María López BIO<br>Paula Oanes DEB<br>Fernando Carballo ECO  | Paraninfo                                    |



|                                     |  |   |   |  |
|-------------------------------------|--|---|---|--|
|                                     |  |   | Francisco de Borja FeQ<br>Alberto Hernández XeH<br>Loli Pérez BIO<br>Carlo Ferro EF<br>Natalia Pardavila LC   |  |
| Martes 20 – sábado 24 febreiro      | Viaxe cultural a París co Departamento de Francés  | 20 alumnos/as de<br>4º ESO FRA<br>1º BAC FRA<br>(Adxúntase listado) | Sara Fernández FRA<br>Ana Lourido FRA   | París                                    |
| Mércores 21 febreiro 12:30-14:10    | Obradoiro fotografía “O espello de Claude” con Fuco Reyes. Afundación.   | 1º BAC D 12:30-13:20<br>4º ESO C 13:20-14:10                        | Juan Carlos Ferro EF<br>Arturo Fuentes DEB  | Aula Debuxo                              |
| Mércores 21 febreiro 8:30-10:10     | Obradoiro de convivencia.  | 2º ESO A  | Alejandro Ocampo TEC<br>Alberto Hernández XeH   | Aula                                     |
| Mércores 21 febreiro 10:30-12:10    | Obradoiro de convivencia.  | 2º ESO B  | Rosa Vázquez LG<br>Isabel Fernández ING   | Aula                                     |
| Mércores 21 febreiro 12:30-14:10    | Obradoiro de convivencia.  | 2º ESO C  | Isabel Carmoega ING<br>María Salgado MAT  | Aula                                     |
| Xoves 22 de febreiro 12:30-14:10    | Charla ABAU UVIGO.   | 2º BAC  | Pilar Gómez LG<br>Isabel Coto FeQ<br>Paula Oanes DEB<br>Miguel Meniño MAT<br>Rubén López XeH<br>Isabel Sánchez MAT<br>Natalia Pardavila LC<br>Leonor Giménez XeH<br>Inma Peniza XeH<br>Delfín Souto LAT | Paraninfo                                |
| Luns 26 febreiro 10:30-11:30        | Contacontos en francés con Samuel Mountounnjou   | 1º ESO FRA  | Esther González EF<br>Alberto Hernández XeH<br>Rafa Collazo MAT<br>Ana Lourido FRA  | Paraninfo                                |
| Luns 26 febreiro 11:20-12:30        | Charla sobre o Voluntariado. Concello de Vigo  | 3º ESO A  | Fátima Bodega MUS   | Aula                                     |
| Luns 26 febreiro 12:30-14:10        | Charla: Os pés no deporte.   | 1º BAC A  | Juan Carlos Ferro EF  | Paraninfo                                |
| Mércores 28 de febreiro 10:30-12:30 | Teatro en Francés. “Les Trois Mousquetaires”   | Alumnado de francés<br>4º ESO<br>1º BAC<br>(adxúntase listado)      | Sara Fernández FRA<br>Ana Lourido FRA   | Centro Cultural de Beade                 |
| Mércores 28 de febreiro 9:30-18:00  | Viaxe á Catedral Santiago XeH+Relixión   | 2º BAC C<br>2º BAC E<br>1º BAC con Reli                             | Inma Peniza XeH<br>Isabel Capelo RELI   | Santiago de Compostela                   |
| Mércores 28 febreiro 12:30-14:10    | Obradoiro fotografía “O espello de Claude” con Fuco Reyes. Afundación.   | 1º BAC D 12:30-13:20<br>4º ESO C 13:20-14:10                        | Juan Carlos Ferro EF<br>Arturo Fuentes DEB  | Aula Debuxo                              |
| Xoves 29 febreiro 11:20-            | Saída a Concerto no Conservatorio  |   | Fátima Bodega MUS   | Conservatorio Superior de Música de Vigo |
| Todos os xoves no segundo recreo    | "Mercadillo solidario" onde cada xoves no segundo recreo, dende xaneiro ata abril, o alumnado de cultura financeira venderá produtos de papelería, regalo e alimentación para facer prácticas de empresa e solidariedade donando os beneficios a ONG que elixan. | Alumnado de 3º A, B, C con cultura financeira.                      | María del Carmen Villar ECO   | Corredor planta baixa/Entrada            |

### Actividades complementarias programadas para o mes de marzo 2024

| Data e hora                | Actividade                        | Curso        | Profesorado   | Lugar                              |
|----------------------------|-----------------------------------|--------------|---|------------------------------------|
| Venres 1 marzo 10:45-14:00 | <b>Imatxina.</b> Feira Matemática | 1º ESO A,B,C | Antonio Ariza MAT<br>Rafael Collazo MAT<br>María Salgado MAT<br>Héctor Montes BIO | Fundación Escola Rosalía de Castro |



|                                  |   |  |   |                                  |
|----------------------------------|---|--|---|----------------------------------|
| Luns 4 marzo 18:30               | Escola de Pais: <b>Acoso e Ciberacoso</b> . Policía Nacional  | Actividade para pais e nais.   | Inma Peniza   | Paraninfo                        |
| Luns 4 marzo – 18 marzo          | Charlas <b>Prevención Drogodependencias</b> . Concello de Vigo.<br>(Charlas restantes)                            | 1º ESO A 4 e 11 de marzo 17:00-17:50<br>1º ESO B 4 e 11 de marzo 8:30-9:20<br>1º ESO C 7 de marzo 13:20-14:10<br>2º ESO A 11 de marzo 11:20-12:10<br>2º ESO B 8 de marzo 13:20-14:10<br>2º ESO C 7 marzo 10:30-11:20 | Titores/as  | Aula                             |
| Luns 18 marzo 17:00-17:50        | Iguala-T. Obradoiro Podcast Feminista   | 3º ESO A   | LG X.C Morell   | Aula                             |
| Martes 19 marzo 8:30             | Charla <b>Islamofobia</b>   | 1º BAC E 8:30-9:20<br>1º BAC C 10:30-11:20   | X.C. Morell LG  | Aula                             |
| Martes 19 marzo 10:10-13:00      | Visita a Residencia Maiores Bodía Magnolio.   | 2º ESO A   | Alejandro Ocampo TEC<br>Isabel Capelo Reli  | Rúa Sagunto                      |
| Martes 19 marzo 12:30            | EDL. Charla <b>Redes Sociais en Galego</b> por Borxa González de Orgullo Galego.                                  | 3º ESO A,B,C   | Loli Pérez BIO<br>Fátima Bodega MUS<br>Audrey Hunt ING  | Paraninfo                        |
| Martes 19 marzo 11:20            | Iguala-T. Obradoiro Podcast Feminista   | 3º ESO A   | X.C. Morell LG  | Biblioteca                       |
| Mércores 20 marzo 10:30-11:20    | Iguala-T. Obradoiro Podcast Feminista   | 3º ESO A   | X.C. Morell LG  | Biblioteca                       |
| Mércores 20 marzo                | Iguala-T. Obradoiro de <b>Regueifa Diversa Iguala-T</b>   | 2º ESO C 8:30-10:10<br>2º ESO B 10:30-12:10<br>2º ESO A 12:30-14:10  | Rosa Vázquez LG<br>Alejandro Ocampo TEC<br>M. Isabel Fernández ING<br>Antonio Ariza MAT<br>Xulia Romero MAT<br>Pilar Gómez LG   | Aula                             |
| Mércores 20 marzo 12:30-14:10    | <b>Concerto-Recital de Silvia Penas</b><br>Día da poesía  | 4º ESO<br>1º BAC   | Isa Coto FeQ<br>Alejandro Ocampo TEC<br>María Luisa Bueno FIL<br>Rosa Amboage TEC<br>Paula Oanes DEB<br>Ana Lourido FRA<br>Arturo Fuentes DEB<br>Loli Pérez BIO<br>Rafael Collazo MAT<br>Isabel Sánchez MAT<br>Fernando Carballo ECO<br>Francisco de Borja FeQ<br>Juan Carlos Ferro EF<br>Rocío Fernández GRE | Paraninfo                        |
| Xoves 21 marzo 10:10-12:30       | Visita Residencia Maiores Bodía Castrelos   | 2º ESO B   | Alejandro Ocampo TEC<br>Rosa Amboage TEC  | Zona Castrelos                   |
| Xoves 21 marzo                   | Charla de Fátima Doval:<br><b>Coidado con a quen chamas discapacitado</b>   | 1º ESO A 11:20-12:10<br>1º ESO B 12:30-13:20<br>1º ESO C 13:20-14:10   | Isabel Fernández ING<br>Ana Lourido FRA<br>Sara Fernández FRA<br>Héctor Montes BIO  | Aula ou<br>Paraninfo             |
| Venres 22 marzo 9:20-10:10       | Charla USC. Zulema Varela Río.<br><b>Benvidos ó plasticeno</b>  | 1º BAC   | Loli Pérez BIO<br>Rafael Collazo MAT<br>Fernando Carballo ECO<br>Francisco de Borja FeQ<br>Inma Peniza XeH<br>Rocío Fernández GRE   | Paraninfo                        |
| Todos os xoves no segundo recreo | " <b>Mercadillo solidario</b> " onde cada xoves no segundo recreo, dende xaneiro ata abril, o alumnado de cultura | Alumnado de 3º A, B, C con cultura financeira.   | María del Carmen Villar<br>ECO  | Corredor planta<br>baixa/Entrada |





|  |   |  |  |  |
|--|---|--|--|--|
|  | financeira venderá produtos de papelaría, regalo e alimentación para facer prácticas de empresa e solidariedade donando os beneficios a ONG que elixan. |  |  |  |
|--|---|--|--|--|

### Actividades complementarias programadas para o mes de abril 2024

| Data e hora                     | Actividade   | Curso   | Profesorado  | Lugar                                    |
|---------------------------------|--|---|--|--|
| Lunes 8 abril 16:10-17:50       | Charla de Nuria Belerdas. Clube Maniotas de Ximnasia Rítmica.  | 1º e 2º ESO   | Ana Lourido FRA<br>Natalia Pardavila LC<br>María López BIO<br>Rosa Vázquez LG<br>Ismael Pereiro LC<br>Isabel Fernández EF<br>Alberto Hernández XeH<br>Isabel Carmoega ING            | Paraninfo                                |
| Martes 9 abril 13:20-14:10      | Semana da ciencia: Obradoiro de Papiroflexia con Sandra Camiña   | 30 alumnos/as de 1º de ESO  | Héctor Montes FeQ  | Aula Debuxo                              |
| Martes 9 abril 19:30            | Escola de Nais e Pais: "Os valores do deporte". Esther González  |   |  | Paraninfo                                |
| Mércores 10 abril 12:30 h       | Benito Vázquez Dorrío. "Interferometría con Luz Branca". Charlas do catálogo científico divulgativo da UVIGO.  | BAC Ciencias<br>1º BAC A, B e parte do C<br>2º BAC A, B e parte do C                                | Loli Pérez BIO<br>Rafa Collazo MAT<br>Luisa Bueno FIL<br>Francisco de Borja FeQ<br>Héctor Montes BIO<br>Isabel Coto FeQ<br>Pilar Gómez LG<br>Miguel González ING<br>Rosa Amboage TEC | Paraninfo                                |
| Venres 12 abril 8:30-14:10      | Masterclass Computación Cuántica CESGA   | 2 alumnos/as de 2º de BAC:<br>Elisabeth Iglesias Amezcua 2º BAC B<br>Marcos Herrero Arango 2º BAC B | Francisco de Borja FeQ   | Santiago de Compostela                   |
| Venres 12 abril 12:30-14:10 h   | Paulo Pascual. Concerto didáctico de Theremin.   | 3º ESO A, B, C 12:30-13:20 h<br>2º A, B, C 13:20-14:10 h  | Loli Méndez LC<br>Isa Capelo REL<br>Esther González EF<br>Alejandro Ocampo TEC<br>Isabel Fernández EF<br>Fátima Bodega Mus   | Paraninfo                                |
| Venres 12 abril (por confirmar) | ComicCon Moaña.  | Alumnado do Club de Manga. Adxuntarase listado.   | Leonor Giménez XeH   | Moaña                                    |
| Luns 15 abril – 19 abril        | Semana da Ciencia<br>Actividades para grupos concretos a partir das 12:30.<br>Montaxe de experimentos na Biblioteca.<br>Enviaremos máis información. |   |  |  |
| Venres 19 abril 9:20-14:10 h    | InnovArt 2024  | 4º ESO B, C con Expresión Artística<br>Adxuntarase listado.   | Paula Oanes DEB<br>Arturo Fuentes DEB  | Cidade da Cultura Santiago de Compostela |
| Luns 22 abril                   | Charlas Departamento de Orientación  | 4º ESO A 16:10-17:00 h<br>4º ESO B 11:20-12:10 h<br>4º ESO C 17:10-18:00 h                          | Esther González EF<br>Tamara Cabezas LG<br>Pilar Gómez LG  | Aula                                     |
| Martes 23 abril                 | Concurso Xeografía   | 7 alumnos/as de 3º de ESO<br>Adxuntarase listado  | Leonor Giménez XeH   | Santiago de Compostela                   |
| Martes 23 abril                 | Día do libro   | Lectura de fragmentos por parte de alumnado e profesorado.  |  | Paraninfo                                |



|                                  |   |  |                             |   |
|----------------------------------|---|--|-----------------------------|---|
| Mércores 24 abril 10:10-14:10 h  | FPInnova 2024   | Alumnado de Educación Dixital +<br>20 Alumnos/as 4º ESO<br>Adxuntarase listado | María Aránzazu Gómez<br>TEC | Cidade da<br>Cultura<br>Santiago de<br>Compostela |
| Xoves 25 abril                   | Charla Banco de España  | 3º ESO con Cultura Financeira<br>4º ESO con FOPP e ECO                         | Carmen Villar ECO           | Paraninfo   |
| Todos os xoves no segundo recreo | " <b>Mercadillo solidario</b> " onde cada xoves no segundo recreo, dende xaneiro ata abril, o alumnado de cultura financeira venderá produtos de papelería, regalo e alimentación para facer prácticas de empresa e solidariedade donando os beneficios a ONG que elixan. | Alumnado de 3º A, B, C con cultura financeira.                                 | Carmen Villar ECO           | Corredor planta baixa/Entrada                     |

### Actividades complementarias programadas para o mes de maio 2024

| Data e hora                                  | Actividade  | Curso  | Profesorado  | Lugar   |
|--|---|--|--|---|
| Xoves 2 maio 12:30 h                         | Charla NERTA e ABAU   | 2º BAC diurno<br>2º BAC nocturno   | Profesorado con clase nese horario.  | Paraninfo   |
| Xoves 2 maio 8:30-16:30 h                    | Saída EduTEC Emprende. Visita ó Centro Galego da Innovación da Formación Profesional.   | 1º BAC A,B   | Juan Carlos Ferro EF<br>Adriana López Rodríguez (máster EF)  | Ourense   |
| Venres 3 maio 10:00-12:40 h aprox.           | Xornada didáctica para centros educativos LPRO-DAYS TELECO  | 4º ESO A<br>4º ESO C   | Cristina Arias TEC<br>Isabel Carmoega ING<br>Arturo Fuentes DEB                                    | Verbum Vigo   |
| Luns 6 maio 9:00-18:30 h aprox               | Saída Parque Eólico Experimental Sotavento  | Alumnado Club Ciencia<br>Alumnado interesado de 3º ESO (Adxuntarase listado) | Isabel Coto FeQ<br>Miguel Meniño MAT<br>Loli Pérez BIO   | Parque Eólico Experimental Sotavento. Xermade. Lugo |
| Tarde do luns 6 e martes 7 de maio completo. | Participación no Festival da Francofonía. Vilanova de Arousa  | Alumnado con Francés de 2º ESO, 4º ESO e Bacharelato. (adxuntarase listado)  | Ana Lourido FRA<br>Tamara Cabezas LG   | Vilanova de Arousa                                  |
| Mércores 15 maio 8:45-19:30 h                | Saída a Celanova: Ruta dos Poetas, visita ó Mosteiro, Concerto didáctico de órgano, proposta literaria...                                   | 3º ESO (Adxuntarase listado)   | Fátima Bodega MUS<br>José Morell LG  | Celanova e Vilanova                                 |
| Xoves 23 maio 10:00-13:45 h aprox            | EDL. Correlingua  | 1º ESO A, B, C   | Tamara Cabezas LG<br>Rosa Vázquez LG<br>Ana Lourido FR<br>Héctor Montes BIO<br>Araceli González LG | Praza do Rei e Parque de Castrelos                  |
| Xoves 23 maio 19:30 h                        | Sociedade Dante-Alighieri. Encontros entre as literaturas italiana e Galaico Española. 3º Encontro: Luigi Pirandello e R.M de Valle Inclán. | Público xeral. (actividade externa)  |  | Paraninfo   |
| Venres 24 maio 10:30-12:00                   | Visita alumnado centro adscrito Pintor Laxeiro.   |  |  |   |
| Venres 24 maio 19:00 h                       | Acto de Entrega de Diplomas 2º de Bacharelato. Promoción 2024.  | 2º BAC   |  | Paraninfo   |
| Martes 28 maio 16:30-17:30                   | Formación Plan Autoprotección.  |  | Todo o personal do centro.   | Paraninfo   |
| Venres 31 de maio 10:30-12:00                | Visita alumnado centro adscrito Canicouva   |  |  |   |
| Venres 31 de maio 9:30-16:00 h aprox         | Traxecto Camiño de Santiago Arcade-Pontevedra   | 2º ESO   |  |   |



|   |  |   |                          |                                      |
|---|--|---|--------------------------|--------------------------------------|
| <p>Todos os xoves no segundo recreo</p> | <p><b>"Mercadillo solidario"</b> onde cada xoves no segundo recreo, dende xaneiro ata abril, o alumnado de cultura financeira venderá produtos de papelería, regalo e alimentación para facer prácticas de empresa e solidariedade donando os beneficios a ONG que elixan.</p> | <p>Alumnado de 3º A, B, C con cultura financeira.</p> | <p>Carmen Villar ECO</p> | <p>Corredor planta baixa/Entrada</p> |
|---|--|---|--------------------------|--------------------------------------|

### Actividades complementarias programadas para o mes de xuño 2024

| Data e hora                     | Actividade  | Curso   | Profesorado   | Lugar                        |
|---------------------------------|---|---|---|------------------------------|
| Luns 3 xuño 14:10-16:10         | Visionado da película "El niño con el pijama de rayas", e xantar no centro. | Club de Lectura "Valores"   | Isabel Capelo RELI  | Paraninfo e xardíns?         |
| Luns 10 xuño 11:20-14:10 h      | EDL. Saída ós cines Tamberlick. Película "As neves"                         | 4º ESO e 1º de Bacharelato (Adxuntarase listado)  | Araceli LG  | Praza Elíptica               |
| Luns 10 xuño 16:10-17:50        | Visionado documental Cosmos.  | 3º ESO  | Profesorado con clase a esa hora.   | Paraninfo                    |
| Martes 11 xuño 10:30-15:00 h    | Visita ao Parlamento de Galiza.   | Alumnado de Mediación. (adxuntarase listado)  | Inma Peniza XeH<br>Isabel Capelo Reli   | Santiago de Compostela       |
| Mércores 12 xuño 10:30-12:10 h  | Charlas Saúde Sexual  | 1º ESO C  | Tamara Cabezas LG<br>Héctor Montes BIO  | Aula                         |
| Mércores 12 xuño 12:30-14:10 h  | Charlas Saúde Sexual  | 1º ESO B  | Rafa Collazo Mat<br>Antonio Ariza Mat<br>Rosa Vázquez LG                                | Aula                         |
| Mércores 12 xuño 18:00 h        | Charla Familias Centros Adscritos   |   |   | Paraninfo                    |
| Mércores 12 xuño 22:00-2:00 h   | Observación astronómica Monte Cepudo Club de Ciencias                       | Alumnado Club de Ciencia  | Miguel Meniño   | Monte Cepudo                 |
| Xoves 13 xuño 9:20-10:10        | Charla sobre Enxeñería Aeroespacial a cargo de Elena Martín                 | 4º ESO A<br>Algúns de 1º BAC<br>4º ESO B ?  |   | Paraninfo?                   |
| Venres 14 de xuño 10:30-12:10 h | Charla Saúde Sexual   | 1º ESO A  | Almudena Fernández LC<br>Conchi Varela LC<br>María Aránzazu TEC<br>Alejandro Ocampo TEC | Aula                         |
| Luns 17 xuño 10:30-17:50        | Devolución de libros do fondo no corredor fronte á dirección.               | 2º ESO A 10:30<br>2º ESO B 11:20<br>2º ESO C 12:30<br>1º ESO A 13:20<br>1º ESO B 16:10<br>1º ESO C 17:00  |   | Corredor fronte á dirección. |
| Luns 17 xuño 09:20-17:00        | EDL Actividade lúdica na biblioteca con Brazolinda, creadora de xogos.      | 1º e 2º de ESO<br>Irán achegándose por grupos ao longo da mañá.<br>1º ESO A 10:30<br>1º ESO B 11:20<br>1º ESO C 12:30<br>2º ESO A 13:20<br>2º ESO B 16:10<br>2º ESO C 17:00 | Profesorado con clase a esa hora.   | Biblioteca                   |
| Luns 17 xuño 10:30 h            | Charla Orientación Académica 3º ESO   | 3º ESO  | Profesorado con clase a esa hora.   | Paraninfo                    |
| Luns 17 xuño 12:30 h            | Charla Orientación Académica 4º ESO   | 4º ESO  | Profesorado con clase a esa hora.   | Paraninfo                    |
| Luns 17 xuño 19:30 h            | Escola de Pais.   |   |   | Paraninfo                    |
| Martes 18 xuño 9:20h-14:10      | Devolución de libros do fondo no corredor fronte á dirección.               | 3º ESO A 09:20<br>3º ESO B 10:30<br>3º ESO C 11:20  |   | Corredor fronte á dirección. |



|                               |   |  |  |                   |
|-------------------------------|---|--|--|-------------------|
|                               |   | 4º ESO A 12:30<br>4º ESO B 13:00<br>4º ESO C 13:30 |  |                   |
| Martes 18 xuño 10:30-11:20    | Charla Orientación Académica 1º BAC         | 1º BAC   | Profesorado con clase a esa hora   | Paraninfo         |
| Mércores 19 xuño 8:30-15:00 h | Viaxe en barco e Visita á Illa de San Simón | 1º ESO A<br>1º ESO B<br>1º ESO C                   | Héctor Montes BIO<br>Ana Lourido FRA<br>Alberto Hernández XeH<br>Rosa Vázquez LG<br>Isabel Fernández ING<br>María Aránzazu Gómez<br>TEC<br>Galicia Gutiérrez ORI | Illa de San Simón |
| Mércores 19 xuño 10:30        | Ensaio alumnado Concerto Fin de Curso       | Alumnado/músicos/as que participarán               | Fátima Bodega  | Paraninfo         |
| Xoves 20 xuño 10:30-12:10     | Concerto Final de Curso                     | 2º ESO<br>3º ESO                                   | Profesorado con clase a esa hora.  | Paraninfo         |
| Venres 21 xuño 13:20-14:10    | Baila con 1º A e posible Baile Colectivo.   | 1º ESO<br>2º ESO                                   | Profesorado con clase a esa hora   | Patio             |



## 5. Informe de Xefatura de estudos

---

### 5.1. Xefatura de estudos de diúrno

Este informe elabórase segundo ás funcións da xefatura de estudos recollidas na normativa correspondente.

#### 5.1.1. Función planificadora temporal e agrupamento de alumnos/as

Entre as novidades con respecto aos cursos anteriores destacan os seguintes:

- I. Continúase coa xornada continua con hora de comezo das actividades lectivas 08:30 h.
- II. Os períodos de lecer igualados en tempo no curso 2021-2022, vinte minutos para cada un, continúan neste curso con boa aceptación.
- III. Este curso consolídase un agrupamento de matemáticas en 3º ESO con resultados moi satisfactorios.

#### 5.1.2. Funcións orientadoras

O traballo co departamento de Orientación foi indispensable. Como novidade, este ano establecéronse reunións de titores/-as semanais xunto con Orientación e Xefatura de estudos das que se fai un balance moi positivo, pois permitiron coordinar estratexias á hora de abordar as problemáticas destes grupos. Para iso, tamén axudaron os test de screening e de convivencia realizados a todo o alumnado da ESO.

Tamén se colaborou estreitamente coas profesoras de pedagogía terapéutica para facer un seguimento do alumnado NEAE.

Alén diso, nas xuntas de avaliación, contouse coa inestimable participación e axuda do departamento de Orientación sobre aspectos xerais dalgún grupo, ou sobre cuestións particulares referentes a algún alumno con problemas de aprendizaxe ou de conduta e, en xeral, sobre as medidas da atención á diversidade.

Neste curso, desde a Xefatura de Estudos, decidiuse levar un plan de acción tutorial coordinado para todos os grupos. Por iso, en coordinación co departamento de Orientación e cos diferentes titores /-as dos distintos niveis, creouse unha programación diferenciada por cursos para as titorías e unha aula virtual con materias, actividades e ferramentas para que os titores /-as de cada nivel traballasen os mesmos contidos nas aulas.

Tamén foi crucial a orientación académica do alumnado e o apoio ao proceso de aprendizaxe, especialmente, co alumnado de NEE e NEAE e coas diversas medidas de atención á diversidade.

As reunións da Xefatura coas persoas titoras leváronse a cabo por niveis académicos diferenciados. A maiores publicáronse os correos corporativos de todo o profesorado na web ([Horarios de atención](#), [Correos corporativos](#)), polo que calquera familia ou alumnado puido poñerse en contacto coa persoa titora respectiva.

#### 5.1.3. Funcións convivenciais e disciplinarias


- Este ano establecéronse reunións semanais entre o departamento de Orientación, Xefatura de Estudos e as persoas responsables do Equipo de Convivencia do centro. Nesas reunións analizábanse os problemas de convivencia que xurdían no día a día e deseñábanse estratexias para lles dar resposta (obradoiros de convivencia en aulas conflitivas, charlas para pais e nais...)
- Tamén se contou co asesoramento e a formación do Equipo de Orientación Específico de Pontevedra para mellorar a atención ao alumnado do centro que presentaba transtornos de conduta.
- Neste curso retomáronse as reunións de delegados, o que nos permitiu establecer estratexias de convivencia pactadas co alumnado. Entre outras iniciativas, púxose en marcha o concurso “Aulas limpas” para que se responsabilizasen do centro e o sentisen como propio.
- Atención domiciliaria:
  - Unha alumna do curso terceiro de ESO recibiu atención domiciliaria durante o 2º e o 3º trimestre do curso académico.




- Un alumno de 2º da ESO recibiu atención domiciliaria durante boa parte do 2º e case todo o 3º trimestre.

- Absentismo: abríronse dous protocolos absentismo novos durante este curso 2023-2024.
- Condutas leves contrarias á convivencia: tramitáronse varias amonestacións por faltas de conduta leves no entorno educativo. O número de amonestacións por nivel móstrase na seguinte gráfica:

### FALTAS DE CONDUCTA ESO



### FALTAS DE CONDUCTA BACH




- Condutas graves contrarias á convivencia: tramitáronse un total de 9 procedementos correctores por conduta gravemente contraria á convivencia con resultados positivos no que a mellora da convivencia escolar se refire na grande parte delas.

#### 5.1.4. Resultados académicos por niveis e grupos

Os resultados obtidos durante o curso 2023-2024 móstranse na seguinte gráfica como porcentaxes de alumnos/as que superan a totalidade das materias nas que estiveron matriculados/as, alumnos/as que non superan algunha materia e alumnos con decisión de promoción desfavorable.



### Porcentaxe de aprobados / suspensos / alumnos/as que non promocionan



#### 5.1.5. Matrículas de honra

(Maio) No presente curso escolar foron concedidas só seis das nove mencións de matrícula de honra que se podían conceder ao alumnado de segundo de bacharelato, sendo a nota de corte de 8,67. Cabe destacar que só seis alumnos/as cumprían o requisito de nota igual ou superior a 9 puntos no segundo curso do bacharelato que establece a norma para optar a dita mención.

(Xuño) No presente curso escolar foron concedidas catro mencións de matrícula de honra para o alumnado de cuarto de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), sendo a nota de corte de 9,38. Catro alumnos/as cumprían o requisito de nota igual ou superior a 9 puntos que establece a norma para optar a dita mención.

#### 5.1.6. Probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU)

Nas probas ABAU 2024 o IES Santa Irene obtén un 97 % de aprobados na fase xeral, superando a media galega. A nota media da fase xeral sitúase no 7,09 superando tamén a nota media galega da fase xeral en 0,28 puntos. Ademais, dous estudantes do IES Santa Irene encóntranse entre os mellores de Galiza.

#### 5.1.7. Conclusións

Neste curso, o traballo desde xefatura centrouse, maioritariamente, en dous ámbitos que á súa vez están interrelacionados: a convivencia e a atención á diversidade. Neste sentido, realizáronse charlas tanto para alumnado como para profesorado para abordar desde problemáticas que xurdían das aulas como para dar resposta a novos retos académicos (formación sobre AA.CC).

A pesar do intenso traballo realizado, quedan aspectos que cómpre mellorar:



1. Resposta a alumnado disruptivo. Este curso contouse con numeroso alumnado que, por estar desenganchado do ensino, se mostrou disruptivo nas aulas. Probáronse diferentes estratexias (contratos de comportamento, proxectos de limpeza e reciclaxe...) que non acabaron de funcionar.
2. Control de faltas de asistencia no bacharelato. O réxime sancionador segue móstrandose difícil de aplicar e precisa dunha maior colaboración de titores/as e xefatura de estudos.

## 5.2. Xefatura de estudos de nocturno

Este ano, desde a Xefatura de Nocturno, apostouse por afianzar os estudos de nocturno e por converter ao IES nun dos centros de referencia da cidade para a ensinanza de adultos. Para iso, considérase importante:

- Traballar na implementación da aula de capacitación dixital para persoas adultas. Esta aula, cuxa dotación tamén poderá ser aproveitada polo alumnado ordinario do centro, será un servizo formativo que o IES ofrece á cidadanía da contorna. Alén diso, agárdase que contribúa a establecer relacións cun potencial futuro alumnado das aulas de nocturno, quen, a través desta vía, poderá coñecer de primeira man os servizos que o centro ofrece.
- Promover o contacto entre o alumnado de diúrno e nocturno mediante actividades que reforcen a súa integración: teatro, participación na Semana da Ciencia, etc.
- Estimular, entre o alumnado, o interese pola formación permanente. Para iso, este ano continúa unha actividade extraescolar, con moito éxito de alumnado, ofrecida polo profesorado do centro:
  - Club de lectura de nocturno.

### 5.2.1. Función planificadora temporal e agrupamento de alumnos/as

- Organización de grupos

Neste ano académico, ao igual que o curso 2022-2023 só se impartiron, por cuadrimestre, dous cursos da ESA (un de ESA III e outro de ESA IV). Mantívose un grupo de 1º Bacharelato adultos, e os grupos de 2º Bacharelato seguen sendo tres, con alta demanda.

- Períodos lectivos:

Bacharelato: entre 17:00 h e 22:30 h.

ESA: mantivéronse os horarios anteriores de 18:30 h a 21:45 h.

Período de lecer de 15 minutos (20:00 h a 20:15 h).

### 5.2.2. Funcións orientadoras

Traballouse conxuntamente co departamento de Orientación en dúas direccións:


- Dar resposta a demandas educativas presentadas polo alumnado: resolver problemáticas nunca antes atendidas, dotar de ferramentas ao profesorado para saber afrontar casuísticas complexas, etc.
- Ofrecer información diversa sobre ampliación de estudos e presentación de diferentes opcións de Orientación laboral.





### 5.2.3. Resultados académicos por niveis e grupos

#### Porcentaxe de aprobados / suspensos / alumnos/as que non promocionan



### 5.2.4. Matrículas de honra

No presente curso escolar ningún alumno/a de adultos acadou mención de matrícula de honra.

### 5.2.5. Conclusións

Aínda que a primeira vista os resultados académicos poidan semellar pouco positivos en realidade non o son. Cómpre lembrar que a realidade do nocturno dista moito da dos cursos ordinarios de diúrno. O alumnado presenta unha casuística particular: moitos veñen de sufrir fracaso escolar, outros acabaron no nocturno por problemas de saúde, por problemas familiares ou laborais, etc. En realidade, a priori, todo semella desfavorable para que este alumnado consiga reengancharse cos estudos, máis estas estatísticas, o que demostran é, que na quenda de nocturno, un tanto por cento importante dun alumnado que xa se atopaba fóra do sistema educativo volve mostrar interese pola formación, incluso con resultados óptimos. O elevado número de suspensos non sempre reflicte un fracaso senón, na maior parte dos casos, un abandono de materia ocasionado por problemas de colisión horaria, de traballo, de saúde, etc.

## 6. Informe de Secretaría

### 6.1. Aspectos económicos xerais

A dirección económica do centro corresponde ao Consello Escolar existindo, dentro del, unha comisión económica. Forman parte da comisión: o director, don Javier Folgoso Novoa, o secretario, don Abilio Rodríguez Toimil, dona Anxos Collazo Trigo en representación da ANPA e dona Sofía Capaz Bermejo como representante do alumnado.

O 14 de marzo de 2024 procédese á aprobación das contas do exercicio 2024 por parte do Consello Escolar,



despois de convocada a comisión económica é presentado o anteproxecto de orzamentos ao Consello Escolar. Unha vez aprobado remítese o proxecto de orzamentos á Xefatura Territorial.

### 6.2. Instalacións e equipamento novo

Durante o curso académico 2023/2024 procedeuse a comprar equipamento coa intención de facer máis amable o centro para o alumnado e o profesorado.

- I. Incorporación de máis de 60 equipos informáticos completos e 16 tablets para as aulas de informática, departamentos, sala de profesores/as e biblioteca.
- II. Tanto na planta baixa como na primeira acondicionáronse unha serie de espazos para o descanso, o lecer e o estudo. Logrouse mediante a colocación de mobiliario: mesas e cadeiras en lugares estratéxicos.
- III. Continuouse coa restauración de pezas históricas do centro. Mobiliario da aula de titoría e un armario na sala de administración.

### 6.3. Obras de acondicionamento e mellora

A maioría das obras de acondicionamento e mellora realizadas no curso 2023/2024 foron iniciadas en cursos pasados e rematadas no presente curso:

- I. **Aulas de Polos Creativos** – Mellora de portas de acceso
- II. **Aulas de Informática** – Dotación de equipamento informático ( $\approx 80$  equipos con pantalla), pantalla interactiva, mobiliario, equipo de son.
- III. **Aula de titoría** – Mellora da porta de acceso, instalación de parquet de roble, restauración do mobiliario histórico, equipamento informático.
- IV. **Biblioteca escolar** – Instalación de tarima, mellora das portas de acceso, equipamento informático, pintura, mobiliario específico, pantalla interactiva.
- V. **Xardíns exteriores** – Renovación dunha das fontes ornamentais, instalación de luminarias, renovación do céspede natural e instalación de rego automático.
- VI. **Paraninfo** – Renovación e restauración da carpintería, instalación dunha pantalla de proxección de gran formato.
- VII. **Departamentos** – Mellora dos departamentos de Física e Química e Inglés (pendente).
- VIII. **Aulas** – Renovación de mobiliario, equipamento informático, restauración de portas de acceso, instalación de pantallas interactivas.
- IX. **Cafetería** – Renovación da cociña, mobiliario, portas de acceso, alicatados, electrodomésticos.
- X. **Entrada e sala de administración** – Renovación de mobiliario e instalación de pantalla de anuncios.

### 7. Información da memoria anual ao Claustro e ao Consello Escolar

A presente memoria foi enviada á Inspección Educativa, ao Consello Escolar e ao Claustro o día 17 de xullo de 2024 e publicada na páxina web do centro o día 17 de xullo de 2024.



## 8. Anexos

---

- |                                     |                              |
|-------------------------------------|------------------------------|
| 01 Dep. Artes Plásticas             | 15 Dep. Orientación          |
| 02 Dep. Ciencias Naturais           | 16 Dep. Relixión             |
| 03 Dep. Economía                    | 17 Dep. Tecnoloxía           |
| 04 Dep. Educación Física            | 18 Dep. Xeografía e Historia |
| 05 Dep. Filosofía                   | Dinamización Lingüística     |
| 06 Dep. Francés                     | PLAMBE                       |
| 07 Dep. Física e Química            | Contratos-programa CPIInclúe |
| 08 Dep. Grego                       | Programa PROA +              |
| 09 Dep. Inglés                      | Clubs de lectura             |
| 10 Dep. Latín                       | Club de ciencias             |
| 11 Dep. Lingua Castelá e Literatura | Plan Proxecta+               |
| 12 Dep. Lingua Galega e Literatura  | Plan Dixital                 |
| 13 Dep. Matemáticas                 | EduTecEmprende               |
| 14 Dep. Música                      |                              |